

Os traballos do sector secundario

O **sector secundario** agrupa os traballos que transforman as materias primas en **produtos elaborados**. As actividades que forman parte deste sector son a artesanía, a industria e a construción.

En España, **22 de cada 100** persoas traballan neste sector. Na Unión Europea están empregadas máis persoas: 27 de cada 100.

A industria

A industria é a actividade do sector secundario en que traballan máis persoas.

A industria realízase en **fábricas**. Nelas traballan moitas persoas que usan máquinas para transformar as materias primas en produtos elaborados. Esta transformación chámase **proceso industrial**.

O proceso industrial realízase cun **traballo en cadea**: cada traballador especialízase nunha parte do proceso: une pezas, empaceta... e o produto obtense entre todos.

O sector primario agrupa os traballos que obteñen materias primas da natureza. O sector secundario, os traballos que transforman as materias primas en produtos elaborados.

SABER MÁIS

Como se obtén a enerxía?

As fábricas necesitan enerxía para as máquinas. Esa enerxía prodúcese nas **centrais eléctricas**.

As fontes de enerxía clasifícanse en non renovables e renovables.

- As **fontes de enerxía non renovables** esgótanse a medida que se consomen, como o petróleo, e son contaminantes.



- As **fontes de enerxía renovables** non se esgotan, como o vento, ou pódense rexenerar, como a leña. A maioría destas fontes non contaminan, polo que axudan nun desenvolvemento máis sustentable.



ACTIVIDADES

- Explica a diferenza que existe entre un produto do sector primario e outro do secundario.
- Observa o traballo nesta fábrica. Describe o que elaboran.



ACTIVIDADES A FACER ATA O VENRES 29 DE MARZO

- Lectura da páxina 83 do voso libro de sociais.
- Realización das actividades 1 e 2 da páxina 83
- Realización dun esquema das páxinas 82 e 83.



Moito ánimo que o IMOS A CONSEGUIR!

Pronto volverá todo a normalidade e verémonos nas aulas!

Traballade todos os días un pouco! Mándovos un bico e unha aperta!

